

BOLETÍN INFORMATIVO

CATRO ANOS DE PROXECTO, 2022-2025

En 2022 púxose en marcha o proxecto REVARGAL grazas á nova colaboración coas distintas redes de varamentos de España a modo de reforzo por parte do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (MITECO), coordinado a través da Fundación Biodiversidad. No noso caso, mantendo tamén unha axuda por parte da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.




Aínda que o traballo da rede de varamentos continuará, despois de catro anos o proxecto como tal chega ao seu fin ao finalizar o programa de axudas ministeriais, que esperamos que se recuperen próximamente dado o necesarias que son.

	2022	2023	2024	2025 *	TOTAL *
CETÁCEOS	250	618	614	307	1.789
FOCAS	14	12	6	0	32
TARTARUGAS	7	25	32	13	77
QUENLLAS	38	30	23	35	126
LONTRAS	7	10	14	12	43
TOTAL	316	695	689	367	2.067


Máis de 2.000 animais atendidos. Nos últimos anos superouse en moito a media histórica anual de varamentos, que era duns 260 animais dende os anos 90. Os cetáceos seguen a ser o grupo máis frecuente, representando o 87% dos rexistros, e dentro deles destacou o golfinho común, que historicamente era un 50%, e nestes anos representou o 73%.






*Datos ata o mes de novembro de 2025 dada a necesidade de publicar este boletín antes de fin de ano.



Número de varamentos anual (2025 ata novembro)




Porcentaxe de cada grupo, 2022-2025




Rexistros por mes, distribución xeográfica e porcentaxe por subáreas (2022-2025)


A distribución mensual dos varamentos permítenos observar que nestes últimos anos xerouse un pico de rexistros nos meses de verán que anteriormente non existía. O 66% dos varamentos rexístranse nas Rías Baixas, principalmente entre as rías de Pontevedra e Arousa, e na costa norte na área próxima a Ferrol.



Cetáceos, 2022-2025



Pinnípedos, 2022-2025



Tartarugas, 2022-2025

ANIMAIS EN REHABILITACIÓN

A dotación do proxecto permitiunos ter contratado a tempo completo un veterinario especialista, o que mellorou moito a atención aos animais en rehabilitación, ademais de contar tamén con técnicos voluntarios.

Nestes catro anos recuperáronse e liberáronse no mar 2 lobos mariños cincentos e 24 tartarugas mariñas comúns.



XORNADAS FORMATIVAS, SIMULACROS E OBRADOIROS

Unha parte moi importante do proxecto REVARGAL foi á parte formativa e de divulgación. Non só en centros educativos, se non pensando tamén no público en xeral, en persoas que queiran ter unha maior implicación participando no voluntariado, ou cursos máis específicos como os ofrecidos a Protección Civil.



E por suposto a formación non é só teórica, se non sobre todo práctica a pé de praia mediante simulacros nos que coa utilización de maquetas quedan moito máis claros os conceptos a aprender.



Para completar a formación en distintos niveis, convocáronse tamén obradoiros máis específicos para explicar a metodoloxía de necropsia e toma de datos e mostras, e fixéronse dúas xornadas especiais de inicio e fin de proxecto en Vilagarcía e Nigrán, respectivamente.



INTERACCIÓN HUMANA

Desafortunadamente este é xa un apartado fixo ao falar do estudo de mamíferos mariños e tartarugas, e o resumo destes últimos anos non indica que a tendencia vaia cambiar.

Xa non só atendendo á máis coñecida e recorrente interacción do ser humano cos cetáceos en Galicia -a **captura accidental**-, senon que continuamos atopándonos **obxectos artificiais** nos tractos dixestivos de animais mortos, e por primeira vez en moitos anos asistimos a unha interacción directa a propósito co disparo dun **arpón** a un arroaz.



Golfiño común cun arte de enmalle ao redor do corpo



41,4%

dos cetáceos que apareceron en bo estado para ser valorados morreron por captura accidental



A presenza do arroaz solitario “Confi” coincidiu no tempo coa realización deste proxecto o que facilitou o seu seguemento. En 2022 chegou a ter cravado un arpón. Podedes ver un monográfico sobre el no boletín Revargal nº3 na web.




Rede de patacas atopada no intestino dunha tartaruga de coiro. En canto a obxectos, isto foi o máis rechamante dos últimos anos, pero podes ver moitos máis exemplos –tanto en tartarugas como en cetáceos– en videos en <https://www.youtube.com/cemmacetaceos>

PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS

Ao longo destes catro anos de proxecto publicáronse 16 artigos científicos con datos ou mostras recollidos pola rede de varamentos de Galicia, a maioría deles levados a cabo por universidades e centros de investigación tanto nacionais como internacionais con quen colaboramos.

Aprendimos máis de dieta, de xenética, de parasitación, de anatomía, de captura accidental, de novas especies na nosa área de estudo, ...

Esto pon en valor a **necesidade de atención e coordinación das redes de varamentos ao longo dos anos**, dotadas de medios e financiación estable, para poder obter series temporais longas tanto de datos como de mostras que poidan servir para aumentar o coñecemento directo das especies, pero tamén considerándoas como parte dun sistema ecolóxico complexo do que ás veces son indicadores ou referencias. Ademais tamén se presentaron 46 comunicacións a congresos.



Se tedes interese en consultalas, lembre que tedes os listados –e dependendo dos dereitos, tamén os pdfs– en:

www.cemma.org/publicacions_gal.htm

UN PROBLEMA DE BALEAS

De entre todos os varamentos de animais mortos os máis complicados de xestionar, dende sempre, son os de baleas. Incluso no caso de individuos pequenos, a necesidade de medios e de colaboración con administracións ou institucións externas multiplícase respecto á xestión do varamento dun pequeno delfínido.

Por eso dende hai anos reclamamos a **necesidade de establecer un protocolo específico** para estes grandes animais (incluíríamos aos cachalotes), que deben xestionarse con moita máis preparación. Por exemplo en moitos casos trátase de animais atopados flotando e que teñen que ser recollidos ao suponer un risco para a navegación dado o seu gran tamaño.

Sen ir máis lonxe, nestes últimos meses de proxecto tivemos dous exemplos ben distintos do que poden supoñer unha mala ou unha boa organización e coordinación.



Por un lado unha balea aliblanca de 7 metros que aparecera flotando na baía de Aldán e tivemos que desprazar nós mesmos a remo ata un porto onde poder analizala, o que supuso unha gran perda de tempo e un gran esforzo das persoas involucradas. E por outro lado unha balea común de 21 metros que tamén apareceu flotando pero que foi recollida por Salvamento Marítimo e trasladada ao porto de A Coruña, onde o departamento de Medio Ambiente da AP puxo todas as facilidades para a súa análise e retirada.



QUENLLAS


As quenllas foron o 6% dos rexistros atendidos ao longo do proxecto. Como é habitual, a especie máis frecuente foi a quenlla *Prionace glauca* (53%) pero destacaron sobre



todo os individuos doutras especies moito menos habituais, como unha cornuda *Sphyrna zygaena* capturada accidentalmente dentro



da ría de Pontevedra, un *Odontaspis ferox* varado en Vilanova de Arousa, varias cañabotas *Hexanchus griseus* e un *Squaliolus laticaudus* en Nigrán.



Cañabota aparecida en Langosteira, Fisterra

COLABORA NO VINDEIRO ANO PORQUE ESTO NON ACABA AQUÍ ...

A atención a varamentos, a rehabilitación dos animais que o necesiten, e todo o que conleva tamén de divulgación o proxecto REVARGAL, **continuará o vindeiro ano** aínda que o proxecto remate, xa que o traballo da rede de varamentos non entende de interrupcións nin denominacións administrativas.



Así que NON DUBIDES en contactar connosco para participar ou colaborar no que consideres que podes facer na túa área xeográfica máis próxima, que pode coincidir con algún grupo de traballo xa creado. Podes escribirnos ao enderezo voluntariadocemma@gmail.com e darémosche máis información.

Este boletín publícase no ámbito do proxecto REVARGAL, que conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO), e financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e tamén co apoio da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia.

CEMMA

Rúa Ceán, nº2. 36350 NIGRÁN (Pontevedra)

Tlf. 686 98 90 08 / 986 36 61 49

https://www.cemma.org/revargal_gal.htm

E-mail: cemmaorganizacion@gmail.com

<https://www.facebook.com/cemmacetaceos/>

<https://www.instagram.com/cemmacetaceos/>

<https://twitter.com/cemmacetaceos>

<https://www.youtube.com/cemmacetaceos>



REDE DE VARAMENTOS DE GALICIA

Financia:



Proxecto:



Colabora:



XUNTA
DE GALICIA